



PROXECTO DE DESENVOLVEMENTO DO PROGRAMA PLURILINGÜE

COLEXIO SAN JOSÉ
OURENSE





ÍNDICE

1. INTRODUCCIÓN.....	3
2. CONTEXTUALIZACIÓN DO NOSO CENTRO	
2.1. Localización xeográfica.....	6
2.2. Reseña histórica	6
2.3. Datos socioculturais e económicos.	7
2.4. Contexto familiar.....	7
3. XUSTIFICACIÓN.....	8
3.1. Vantaxes para o alumnado.....	8
3.2. Motivación e retos para o profesorado.....	10
3.3. Importancia para a Comunidade Educativa do Centro.....	10
4. INDICACIÓN DO CURSO DE APLICACIÓN E PLANIFICACIÓN DA EXTENSIÓN NA ETAPA	11
5. OBXECTIVOS XERAIS DO PROGRAMA.	12
5.1. Obxectivos para o alumnado.....	12
5.2. Obxectivos para o profesorado	13
5.3. Obxectivos para o Equipo Directivo	13
6. CONTIDOS	14
7. ESTRATEXIAS METODOLÓXICAS	27
8. ATENCIÓN Á DIVERSIDADE.....	29
9. AVALIACIÓN DO PROXECTO.....	34

1. INTRODUCCIÓN.

Este proxecto enmárcase na *ORDE do 12 de maio de 2011 pola que se regulan os centros plurilingües na Comunidade Autónoma de Galicia e se establece o procedemento de incorporación de novos centros á Rede de Centros Plurilingües de Galicia*.

A mellora das competencias comunicativas en linguas estranxeiras converteuse nun dos eixes centrais das políticas educativas de Europa, como resposta aos enormes desafíos da época que vivimos. Globalización, mobilidade e interculturalidade son características da nosa sociedade que inevitablemente provocan unha nova realidade lingüística. Xorden novas necesidades, novos obxectivos e novas propostas didácticas relacionadas co ensino de linguas.

Neste contorno, o Goberno da Xunta de Galicia entende que fomentando unha sociedade plurilingüe pódese axudar ás novas xeracións a estar mellor preparadas para afrontar os retos do futuro. Por outra parte, o *Marco Común Europeo de Referencia para as Linguas (MCERL)* establece unha gradación de competencias na aprendizaxe de linguas, que constitúe un requisito cada día máis solicitado en convocatorias e accesos a diferentes ámbitos académicos e laborais.

Abordar o plurilingüismo como unha vantaxe, non como un obstáculo, constitúe un dos principios fundamentais da Administración galega. Debemos ter en conta tamén o obxectivo principal para a ensinanza das linguas no ensino primario e no secundario, ao abeiro do *Decreto 79/2010, do 20 de maio (DOG do 25 de maio), para o plurilingüismo no ensino non universitario de Galicia*:

<p>“Contribuír a que o alumnado poida chegar a ser competente nas linguas oficiais da nosa comunidade, sen obviar a necesidade e a promoción da aprendizaxe de linguas estranxeiras, principalmente o inglés, non só desde o currículo, senón tamén a través doutros programas formativos”.</p>

A nova Lei Educativa LOMCE, tamén aposta polo “equilibrio lingüístico” de xeito que a aprendizaxe de linguas estranxeiras teña o mesmo peso que a lingua castelá e a lingua galega.



O noso centro leva catro anos participando no Plan de Potenciación das Linguas Estranxeiras mediante o desenvolvemento de varias seccións bilingües na área de plástica en Educación Primaria. A nosa experiencia neste ámbito avala o desexo de dar un paso máis mediante a nosa incorporación á Rede de Centros Plurilingües de Galicia.

Como punto de partida deste proxecto cremos que debemos coñecer e diferenciar “claramente” os seguintes termos:

- o **MULTILINGÜISMO**: fai referencia á **presenza** de varias linguas nunha **sociedade** determinada, onde conviven individuos plurilingües ou monolingües.
- o **PLURILINGÜISMO**: refírese ás persoas, facendo referencia á **presenza** simultánea de dúas ou máis linguas na competencia comunicativa dun **individuo**.

Na actualidade o dominio dunha, dúas ou máis linguas consideradas de forma illada deixa de ser o obxectivo da aprendizaxe para dar paso á adquisición dun “**perfil plurilingüe**”. Debemos entender este perfil como unha rede de relacións de coñecementos e experiencias lingüísticas moi complexa que as persoas van elaborando progresivamente e de xeito global.

Coincidimos con **Beacco (2008)**, ao afirmar que o papel da escola na educación plurilingüe debe consistir en desenvolver as capacidades cognitivas, creativas ou físicas dos estudantes. O noso obxectivo debe ser que aos alumnos lles gusten as linguas, *toutes les langues*, para que posteriormente desexen seguir aprendéndoas ao longo da vida.

A educación lingüística en plurilingüismo ten un papel moi significativo na construción da Europa do Coñecemento a nivel individual e social. Destacamos tres razóns fundamentais:


- o **Unha oportunidade para un mellor desenvolvemento**: a competencia en plurilingüismo vese hoxe como prerequisite para que a cidadanía europea se beneficie de oportunidades persoais e ocupacionais nun contexto aberto e multicultural.

- **Un sentido de pertenza e identidade:** as linguas non son só para un fin “comunicativo”; son tamén para vivir o “encontro intercultural” con outras persoas.
- **Un marcado progreso educativo para o individuo:** a competencia plurilingüe non é só compatible co avance no dominio das linguas propias dos escolares, senón que axudan moi eficazmente a que isto suceda.

Pero para comprender e desenvolver estas tres ideas os docentes precisamos de algo máis que competencias mecanicistas ligadas a cuestións metodolóxicas dunha lingua. Necesitamos ver con claridade a sutil pero marcada diferenza entre a visión tradicional do “**docente de lingua estranxeira**” e o “**profesorado europeo de linguas**”, máis preocupado por axudar ao seu alumnado a ser plurilingüe ao longo da vida.

Debemos ter claro que a “**competencia plurilingüe**” consiste nunha rede de relacións de coñecemento e experiencias lingüísticas moi complexa, que o aprendiz vai adquirindo progresivamente e dun modo globalizado. A necesidade de establecer pontes ou pasarelas entre as linguas que eviten que se perciban como “materias independentes” é un elemento clave no desenvolvemento dun programa plurilingüe.

Esta relación de dependencia entre a lingua materna e a adquisición dunha segunda lingua (L2) ou dunha lingua estranxeira (LE) foi estudada por Jim Cummins (1979) a finais dos setenta, ao elaborar a primeira versión da “Hipótese da Interdependencia lingüística”. Cummins defende a existencia de procesos mentais subxacentes á aprendizaxe da lingua materna que son comúns cos da aprendizaxe dunha segunda lingua ou lingua estranxeira.



“As dúas ou máis linguas usadas por un individuo, aínda que difiran aparentemente na superficie, funcionan a través do mesmo sistema cognitivo central”.



Nos traballos do Consello de Europa, o plurilingüismo, a diferenza do multilingüismo, é un trazo pertencente á definición dos individuos. Debe entenderse como un fenómeno que sinala a capacidade dos falantes para utilizar máis dunha lingua. Trátase dun proceso individual, dinámico e evolutivo que vai sempre unido á competencia intercultural, fundamento da comprensión entre seres humanos.

2. CONTEXTUALIZACIÓN DO NOSO CENTRO.

2.1. LOCALIZACIÓN XEOGRÁFICA.

O colexio San José está situado nunha zona privilexiada de Ourense; estamos rodeados polo Casco Vello, a Alameda do Concello, a Praza Maior, o Xardín Botánico "O Posío" e as fontes termais "As Burgas", sendo esta última unha parada obrigada para os turistas que se acercan a nosa cidade. Por diante do colexio encóntrase o punto de arranque da cidade moderna, a rúa Progreso, con edificacións novas e actuais.

Tanto a súa localización coma o antigo e fermoso parque de palmeiras, a través do cal se accede ao colexio, convértense en símbolos representativos do noso centro.

A zona conta con boa infraestrutura de servizos sociais. O colexio convive con outros centros de ensino como son o Colexio público de Infantil e Primaria "Irmáns Villar" e o Instituto de Educación Secundaria "Otero Pedrayo". O noso centro está adscrito a este instituto, de xeito que o noso alumnado ten reservada praza no mesmo ao rematar os estudos de secundaria.

2.2. RESEÑA HISTÓRICA.

O noso é un centro concertado de educación católica, que comezou a súa andadura na cidade das Burgas no ano 1934. Está aberto a todos, sen distinción de raza, sexo, crenzas relixiosas, ideas políticas, condición social, calidades humanas...

Bonifacia Rodríguez de Castro, fundadora das "Siervas de San José", tratou de abrir camiños de dignidade no mundo do traballo. Seguindo o seu modelo de

vida e á súa mensaxe, a nosa comunidade educativa está empeñada en facer do Centro un lugar de encontro cun **OBXECTIVO COMÚN**: "A EDUCACIÓN INTEGRAL DOS ALUMNOS desde os VALORES da Sagrada Familia de Nazaret, formando as dimensións: Intelectual, Afectiva, Social, Ética, Corporal e Relixiosa da persoa. Isto esixe de nós formación permanente, apertura ás novas tecnoloxías e estratexias para acadar unha Educación de Calidade.

2.3. DATOS SOCIOCULTURAIS E ECONÓMICOS.

Os nosos alumnos e alumnas pertencen a familias traballadoras con profesións cualificadas tanto na pequena empresa coma autónomos, no sector servizos e funcionarios da administración. Cada vez máis, estamos a recibir alumnado inmigrante ou con nacionalidade estranxeira. Contamos tamén con familias monoparentais, pais separados e algún caso de alumnos de etnia xitana. Estes últimos presentan un nivel académico moi baixo debido á falta de seguimento e apoio escolar nos seus fogares, así como ás reiteradas faltas de asistencia, factores que dificultan o seu progreso e formación. En todo caso, contan sempre con apoio e reforzo educativo no centro.

Na actualidade a maioría dos estudantes desprázanse ao colexio a pé, un pequeno grupo faino en transporte público e o resto utilizan vehículos particulares. Isto depende dos seus lugares de residencia, moitos viven en edificios preto do colexio, nos barrios máis próximos ou, os menos, nalgunha vila dos arredores da cidade.

2.4. CONTEXTO FAMILIAR.

As relacións estables e positivas entre familia e ámbito escolar melloran a autoestima dos nenos e nenas, o rendemento escolar, as relacións entre pais e fillos e fillas, as actitudes dos pais cara á escola e como consecuencia unha educación máis eficaz e de maior calidade.

Aínda que todavía existen familias ás que o único que lles importa é o tema académico, a maior preocupación da gran maioría dos pais e nais que nos confían a educación dos seus fillos é a busca dunha formación integral que os prepare para abrirse camiño no difícil mundo laboral no que estamos inmersos. Sendo conscientes de que iso debe ser un traballo de colaboración mutua entre pais e a comunidade educativa.



Estamos seguros de que contamos co apoio das familias para abordar con éxito este programa de educación plurilingüe. A nosa experiencia no desenvolvemento de seccións bilingües ao longo de catro anos escolares, permítenos afrontar este novo reto con seguridade e confianza. En todo caso as familias serán informadas ao inicio da etapa de Educación Primaria das vantaxes na formación dos seus fillos en competencias orais e escritas de varias linguas. Así mesmo intentaremos promover a súa participación e colaboración co profesorado participante neste proxecto.

3. XUSTIFICACIÓN.

Dentro do ámbito das linguas estranxeiras, o inglés converteuse en lingua global, adquirindo o estatus de “competencia clave”, en posición de igualdade co dominio das TIC e, polo tanto, converténdose en parte esencial da alfabetización do século XXI.

Esta apertura a outras linguas e culturas ten en Galicia, como comunidade bilingüe, unhas características específicas que implican que a aprendizaxe de todas as linguas presentes no noso currículo deba transcender o logro do dominio de cada unha delas separadamente. Debemos traballar na vía do desenvolvemento dunha única competencia comunicativa á cal contribúan todos os coñecementos e destrezas, relacionándose entre si e interactuando, dando lugar a unha competencia comunicativa plurilingüe.

Iniciamos este novo proxecto con ilusión e a confianza acadada pola experiencia previa vivida no noso centro, debido ao desenvolvemento de seccións bilingües ao longo de catro cursos académicos. Non obstante desexamos afrontar un compromiso maior e pasar a formar parte da Rede de Centros Plurilingües da nosa Comunidade Autónoma. Queremos seguir aprendendo, mellorando, innovando, creando materiais e buscando recursos co fin de que CLIL invada as nosas aulas de Arts & Crafts en toda a etapa de Educación Primaria.

3.1. VANTAXES PARA O ALUMNADO.

Coñecemos e estamos convencidos das oportunidades que ofrece CLIL, “Content and Language Integrated Learning”, aos alumnos e alumnas para utilizar outras linguas dun xeito natural, ata o punto de que cheguen a esquecer o feito de estar aprendendo un novo idioma e se concentren unicamente nos contidos que se están presentando na aula. As vantaxes de CLIL en canto á aprendizaxe dunha

lingua baséanse nunha maior cantidade e calidade de exposición do alumno á lingua estranxeira, o que a súa vez implica unha maior motivación para aprender.

Moitas investigacións levadas a cabo sobre a aprendizaxe dunha lingua estranxeira demostran que para acadar un bo nivel de competencia na L2 (lingua estranxeira ou segunda lingua) é imprescindible ter contacto coa nova lingua dun xeito natural. Os alumnos necesitan ter un acceso espontáneo á comunicación oral, a ser posible dentro dun contexto interactivo onde poidan obter información sobre a estrutura e funcionamento da lingua estranxeira. Non debemos esquecer que a aprendizaxe dunha segunda lingua é un proceso longo. O alumno ten que pasar polas fases do coñecemento "imperfecto", (é dicir o uso de expresións sistemáticas, regulares e universais pero incorrectas gramaticalmente) antes de dominar os diferentes aspectos da lingua estranxeira.

- i. *No*
- ii. *No want/No drink milk*
- iii. *John no want milk*
- iv. *John not want milk*
- v. *John does not (doesn't) want milk*

CLIL non pretende ser un sistema de educación para unha minoría, pola contra, todos os alumnos pódense beneficiar deste método, independentemente das súas habilidades cognitivas.

Analizamos a continuación as principais vantaxes que consideramos ten CLIL para os estudantes:

- ✓ Ao estar en contacto con contidos interesantes e auténticos (do mundo real) a súa motivación poténciase.
- ✓ Debido a natureza interactiva e cooperativa do traballo, o alumno ou alumna incrementa a súa autoestima e confianza en si mesmo.
- ✓ Unha maior exposición a L2 axuda ao estudante a potenciar as súas habilidades no idioma.
- ✓ O uso de novas estratexias de aprendizaxe provoca que o alumno aprenda a estudar.



- ✓ A integración de contidos variados e a nova lingua, unido á implicación do alumnado en actividades interesantes, favorece os procesos de pensamento creativo.

Ensinar ao mesmo tempo contidos e unha lingua estranxeira dentro dun marco integrado, facilita o acceso á comunicación persoal e intercultural, pois os alumnos teñen experiencias coa lingua con diversos fins e van estar expostos a diferentes perspectivas culturais no contexto dos contidos que están a aprender.

3.2. MOTIVACIÓN E RETOS PARA O PROFESORADO.

A metodoloxía CLIL, igual que ocorre con outras iniciativas educativas, supón un novo reto para o profesorado, pero quizais por este mesmo motivo, enfróntase cunha motivación especial. Para lograr os obxectivos deste proxecto é necesario traballar xuntos os profesores das materias e os de linguas, aportando cada un os nosos coñecementos individuais para logo facer deles un coñecemento compartido. Por outra banda, a implantación de CLIL supón un avance do desenvolvemento persoal e sobre todo, profesional o que supón todo un reto que estamos dispostos a afrontar con responsabilidade e entusiasmo.

Outro aspecto a ter en conta é que o profesorado CLIL debe posuír un bo dominio tanto da lingua estranxeira como da primeira lingua dos alumnos, para deste xeito valorar as dificultades lingüísticas con que estes se van atopar. Faise imprescindible unha coidadosa coordinación, diplomacia e facilidade para traballar en equipo dentro dun clima de confianza.

3.3. IMPORTANCIA PARA A COMUNIDADE EDUCATIVA DO NOSO CENTRO.

O rico patrimonio das distintas linguas e culturas de Europa constitúe un recurso común moi valioso, que hai que protexer e desenvolver, e cómpre realizar un importante esforzo educativo co fin de que esa diversidade deixe de ser un obstáculo para a comunicación e se converta nunha fonte de enriquecemento e comprensión.

Só por medio dun mellor coñecemento das linguas europeas modernas será posible facilitar a comunicación e a interacción entre europeos con distintas linguas

maternas e polo tanto fomentar a mobilidade en Europa, a comprensión mutua e a colaboración, e vencer os prexuízos e a discriminación.

Este é o motivo que nos move a iniciar este proxecto. Como centro educativo de calidade comprometido coa nosa sociedade, queremos que os nosos alumnos e alumnas reciban unha educación completa que os prepare para poder integrarse plenamente e colaborar na sociedade actual.

A introdución de aulas bilingües nunha materia non lingüística elevará o nivel do ensino de linguas estranxeiras e por outra banda, estaremos preparados para dar unha mellor resposta ás necesidades que irremediamente aparecen na sociedade cada vez máis globalizada na que estamos a vivir.

4. INDICACIÓN DO CURSO DE APLICACIÓN E PLANIFICACIÓN DA EXTENSIÓN NA ETAPA.

COLEXIO SAN JOSÉ ÁREA: PLÁSTICA		CURSO 2014-2015	CURSO 2015-2016	CURSO 2016-2017	CURSO 2017-2018	CURSO 2018-2019	CURSO 2019-2020
UNIDADES BILINGÜES	1º EP	2	2	2	2	2	2
	2º EP		2	2	2	2	2
	3º EP			2	2	2	2
	4º EP				2	2	2
	5º EP					2	2
	6º EP						2
TOTAL UNIDADES		2	4	6	8	10	12
ALUMNOS*	1º EP	50	50	50	50	50	50
	2º EP		50	50	50	50	50
	3º EP			50	50	50	50
	4º EP				50	50	50
	5º EP					50	50
	6º EP						50
TOTAL ALUMNOS*		50	100	150	200	250	300

* O número de alumnos é un dato orientativo, debido aos cambios que se poden producir por causa das posibles baixas ou novas incorporacións. Contabilizamos un total de 50 alumnos por curso, tendo en conta as dúas liñas existentes en cada nivel educativo



5. OBXECTIVOS XERAIS DO PROGRAMA.

Como todos sabemos vivimos nunha sociedade máis aberta, global e participativa que demanda novos perfís de cidadáns e traballadores. Unha sociedade que esixe maneiras alternativas de organización e xestión nas que destaquen a “colaboración” e o “traballo en equipo”. A educación é a clave desta transformación mediante a formación de persoas activas con autoconfianza, curiosas, emprendedoras e innovadoras, desexosas de participar na sociedade á que pertencen, capaces de asumir como propio o valor do equilibrio entre o esforzo e a recompensa.

O sistema educativo debe posibilitar tanto a aprendizaxe de cousas distintas como o ensino doutro xeito diferente, para poder satisfacer a uns alumnos e alumnas, que foron cambiando coa sociedade.

As habilidades cognitivas, sendo imprescindibles, non son suficientes; é necesario adquirir desde idades temperás competencias transversais, como o pensamento crítico, a xestión da diversidade, a creatividade ou a capacidade de comunicar, e actitudes clave como a confianza individual, o entusiasmo, a constancia e a aceptación do cambio. A educación inicial é moi importante, posto que hoxe en día o proceso de aprendizaxe é un proceso para desenvolver ao longo da vida das persoas. Así debemos entender a educación actual, e así o indica a nova *Lei Orgánica 8/2013, do 9 de decembro, para a Mellora da Calidade Educativa*.

Partindo destas premisas, establecemos os seguintes obxectivos xerais de centro que serán recollidos na nosa PXA e avaliados ao final de cada curso académico ([táboas para a avaliación dos distintos obxectivos](#)), co fin de facer un seguimento do correcto desenvolvemento do programa.

5.1. OBXECTIVOS PARA O ALUMNADO.

1. Mellorar a súa competencia lingüística.
2. Proporcionarlles unha “competencia plurilingüe”, de modo que cada persoa conte con diversos repertorios lingüísticos, que lle permita actuar en distintos contornos culturais con diferentes graos de dominio.
3. Dotar ao alumnado dunha “competencia intercultural”, co fin de que cada persoa sexa quen de interactuar culturalmente, aceptando as diferenzas e establecendo relacións construtivas cos demais.
4. Converter ao alumnado nun elemento activo no proceso de aprendizaxe.
5. Motivalos para converterse en aprendices de linguas estratéxicos e autónomos e para aprender durante toda a vida.

5.2. OBXECTIVOS PARA O PROFESORADO.

1. Coñecer as características do programa e implicarse no mesmo.
2. Crear as condicións que permitan o cambio metodolóxico necesario para o bo desenvolvemento do programa.
3. Organizar actividades que permitan a utilización da lingua inglesa por parte do alumnado.
4. Promover a participación dos alumnos/as en todas as actividades de aula.
5. Elaborar materiais didácticos para as clases de lingua estranxeira e as clases CLIL.
6. Aplicar diferentes estratexias didácticas na aula utilizando distintos dispositivos de hardware e formatos multimedia (vídeo, animación, simulación, actividade interactiva...) para facilitar as aprendizaxes.
7. Participar nas actividades de formación ofertadas pola Consellería de Educación e Ordenación Universitaria ou outros organismos.

5.3. OBXECTIVOS PARA O EQUIPO DIRECTIVO.

1. Propiciar o cambio metodolóxico baseado na comunicación e o enfoque por tarefas.
2. Propiciar o cambio organizativo baseado na coordinación entre o profesorado.
3. Proporcionar os recursos necesarios para o bo desenvolvemento do programa.
4. Identificar e diagnosticar áreas de mellora.

PUNTOS CLAVE PARA ACADAR O LOGRO DOS OBXECTIVOS PROPOSTOS

- | |
|---|
| <ul style="list-style-type: none">✓ A FORMACIÓN DO PROFESORADO✓ O CAMBIO METODOLÓXICO✓ O TRABALLO EN EQUIPO |
|---|



6. CONTIDOS.

-ARTS AND CRAFTS- 1º CURSO DE EP.

UNIT 1: LINES AND SHAPES		
ART CONTENTS	LINGUISTIC CONTENTS	KEY STRUCTURES
Observation of original artwork. Lines and shapes. Self-portrait. Collage.	Lines: straight, curved, wavy, zigzag Shapes: circle, square, triangle and rectangle. Colours: red, orange, yellow, green, blue, purple. Materials: coloured pencils, crayons, pencil, rubber, paintbrush and paint.	I can see a circle/a curved line, etc. I feel happy. It's a (circle). It's (green). I can (draw) with a (pencil).
UNIT 2: PATTERNS		
ART CONTENTS	LINGUISTIC CONTENTS	KEY STRUCTURES
Observation of original artwork. Basic patterns. Colour patterns. Musical shaker.	Pattern, music, shaker. Lines: straight, curved, wavy, zigzag Shapes: circle, square, triangle, rectangle Colours: red, orange, yellow, green, blue, purple One, two, three, four, five.	How many (people) can you see? I can see patterns. I can hear patterns.
UNIT 3: LINES AND COLOURS		
ART CONTENTS	LINGUISTIC CONTENTS	KEY STRUCTURES
Observation of original artwork. Mix primary colours. Bodies in motion. Monoprint.	Primary colours: blue, red, yellow. Secondary colours: green, orange and purple. Lines: straight, curved, wavy, zigzag. Shapes: circle, square, triangle, rectangle. Body parts: head, arms, legs, hands and feet. Parts of the face: ears, eyes, nose and mouth.	(Yellow) and (red) make (orange). I can run/jump/dance. I have got two eyes/ears/arms/hands/legs/feet.
UNIT 4: TEXTURE		
ART CONTENTS	LINGUISTIC CONTENTS	KEY STRUCTURES
Observation of original artwork. Textures. Sort textures. Portrait collage.	Portrait Texture: hard, soft, rough, smooth Fruit: apple, banana, cherry, grape, kiwi, pear, pineapple, orange... Vegetables: pea, lettuce, carrot, pepper Face: cheeks, chin, ears, eyes, eyebrows, eyelashes, nose, mouth	A (pear) is (smooth) I can see a (cherry) My (nose) is a (pear).



UNIT 5: FORMS		
ART CONTENTS	LINGUISTIC CONTENTS	KEY STRUCTURES
Observation of original artwork. Forms. Sculpture. Mask.	Sculpture, 3-D, three dimensions Forms: sphere, cube, pyramid, cylinder. Shapes: circle, square, triangle, rectangle. Cat, animal, costume, mask. Face: ears, eyes, mouth and nose.	It's a (cube). They are (spheres). Yes, it is/No, it isn't/Yes, they are/No, they aren't. My (monkey) has got a sphere. I'm a (lion). I can (run).
UNIT 6: MORE SHAPES		
ART CONTENTS	LINGUISTIC CONTENTS	KEY STRUCTURES
Observation of original artwork. Geometric and natural shapes. Garden. Paper sculpture.	Shapes: circle, square, triangle, rectangle Natural shapes Garden: flower, grass, tree, bush, leaf, plant, path. Paper sculpture: fold, roll and twist.	A (circle) is a geometric shape. A (leaf) is a natural shape. What is this? What are these? It's a (flower). There are (trees). I can see a (circle) in my garden.
UNIT 7: BUILDINGS		
ART CONTENTS	LINGUISTIC CONTENTS	KEY STRUCTURES
Observation of original artwork. Symmetry. Draw a building. Neighbourhood collage.	Building, neighbourhood Sides, same, different Window, door Bakery, bank, chemist, church, library, post office, school, supermarket, swimming pool.	They are the same. They are different. I like (building A). I like (building B). It's a (post office).
UNIT 8: LANDSCAPES		
ART CONTENTS	LINGUISTIC CONTENTS	KEY STRUCTURES
Observation of original artwork. Back, middle, front. Landscape print. Torn paper collage.	Landscape Back, middle, front Mountain, people, river, trees, water, sea, sky, sun Print, stamp Tear.	I can see a (mountain) at the (back). There is a (river) at the (front).
UNIT 9: MORE COLOURS		
ART CONTENTS	LINGUISTIC CONTENTS	KEY STRUCTURES
Observation of original artwork. Warm and cool colours. Patterns. Mosaic.	Warm colours: red, orange, yellow Cool colours: green, blue, purple Mosaic, small pieces Patterns, lines, shapes Day, night, sun, moon, sky Inside/outside	(Orange) is a warm colour. I can see (warm) colours in the (Sun).



-ARTS AND CRAFTS- 2º CURSO DE EP.

UNIT 1: LINES AND SHAPES		
ART CONTENTS	LINGUISTIC CONTENTS	KEY STRUCTURES
Observation of original artwork. Lines and shapes. Body shapes. Abstract self-portrait.	Lines: curved, wavy, zigzag, horizontal, vertical, diagonal. Shapes: circle, square, triangle, rectangle, pentagon, trapezium. Colours: red, orange, yellow, green, blue, purple Toys, boat, ball, train. Parts of the body: legs, foot/feet, arms, hands, head, torso	I can see a (triangle). It's a (boat). It's got (diagonal lines). My (arm) is a (rectangle). My (legs) are (circles).
UNIT 2: NATURAL SHAPES		
ART CONTENTS	LINGUISTIC CONTENTS	KEY STRUCTURES
Observation of original artwork. Natural shapes. Collage. Paper weaving.	Natural shapes Geometric shapes: circle, square, triangle, rectangle, pentagon, trapezium. Colours: red, orange, yellow, green, blue, purple Fruit and vegetables. Butterfly, leaf, flower, shell. Placemat, weave, over, under. Breakfast, lunch, dinner.	I can see (four apples). The (lemons) are (yellow).
UNIT 3: COLOURS		
ART CONTENTS	LINGUISTIC CONTENTS	KEY STRUCTURES
Observation of original artwork. Colour wheel. Primary and secondary colours. Mixed media landscape.	Primary colours: blue, red, yellow Secondary colours: green, orange, purple Colour wheel. Animal, habitat. Horse, bird.	Yellow and red make orange. Yellow and blue make green. Red and blue make purple. The (horse) is (blue). It's got (four legs). What colour are (frogs)? (Frogs) are green.
UNIT 4: TEXTURES		
ART CONTENTS	LINGUISTIC CONTENTS	KEY STRUCTURES
Observation of original artwork. Texture collage. Tree texture. Tissue paper sunflower.	Textures: hard, soft, rough, smooth, prickly, bumpy. Plants: tree, bush, flower, cactus, sunflower. Parts of a plant: stem, leaf, flower, petals, seeds, branch and trunk.	Is a (trunk) (rough)? Yes, it is. /No, it isn't. It feels (smooth). They are (yellow). They've got (stems).



UNIT 5: FORMS		
ART CONTENTS	LINGUISTIC CONTENTS	KEY STRUCTURES
Observation of original artwork. Forms. 3-D castle. Sculpture.	Forms: sphere, cube, pyramid, cylinder, cone. Ice, snow, castle, sculpture. 3-D, three dimensions.	What is this? What are these? It is.../They are... Is this a (sphere)? Yes, it is. /No, it isn't. Are these (cylinders)? Yes, they are. / No, they aren't. There is a (pyramid). There are (many cones).
UNIT 6: PATTERNS		
ART CONTENTS	LINGUISTIC CONTENTS	KEY STRUCTURES
Observation of original artwork. Circular patterns. Stencil patterns. Sun face collage.	Pattern. Lines, shapes and colours. Sun stone, circle, around, centre, Sun, face, stencil.	The Sun is (round). It's (hot). There is a (face) in the centre. There are (circles) in the pattern. He's /she's (angry).
UNIT 7: POTTERY		
ART CONTENTS	LINGUISTIC CONTENTS	KEY STRUCTURES
Observation of original artwork. Natural forms. Pressing patterns. Clay thumb pot.	Natural forms. Clay, natural material. Pottery, pot, decorate, patterns.	Prepositions of place: in, on, under, next to, in front of, between, behind. It's made of (clay).
UNIT 8: MOVEMENT		
ART CONTENTS	LINGUISTIC CONTENTS	KEY STRUCTURES
Observation of original artwork. Kinetic sculptures. Movement. Windmill.	Movement. Sculpture. Up, down, around, side to side, forward, backward. Push, pull and blow. Windmill.	The (shapes) move (up and down). (Windmills) move around. (She is) moving (side to side). My sculpture moves (around).
UNIT 9: MORE COLOURS		
ART CONTENTS	LINGUISTIC CONTENTS	KEY STRUCTURES
Observation of original artwork. Warm and cool colours. Warm and cool colours collage. Design clothes.	Warm colours: red, orange, yellow Cool colours: green, blue, purple Inside, outside, light, dark. Living room, garden, tree, seasons. Clothes: coat, dress, hat, boots, jumper, shoes, shorts, skirt, trousers, T-shirt.	There is.../ There are... They are sitting. (She) is wearing (a red dress). Are they laughing? Yes, they are. / No, they aren't.

-ARTS AND CRAFTS- 3º CURSO DE EP.

UNIT 1: SELF-PORTRAITS		
ART CONTENTS	LINGUISTIC CONTENTS	KEY STRUCTURES
Observation of original artwork. Complete the portraits. Self-portrait.	Self-portrait, shape, size, position. Parts of the face: eyes, eyebrows, eyelashes, ears, cheeks, chin, nose, mouth, forehead... Divide, lines, centre.	Possessive pronouns: my, his, her. Prepositions of place: above, below, between. Affirmative and negative short answers.
UNIT 2: STILL LIFE		
ART CONTENTS	LINGUISTIC CONTENTS	KEY STRUCTURES
Observation of original artwork. Intermediate colours. Still life. Guitar.	Still life. Primary colours: red, yellow, blue. Secondary colours: orange, green, purple. New colours: red-orange, yellow-orange, yellow-green, blue-green, blue-purple, red-purple.	Can to express ability. Present simple third person singular s.
UNIT 3: COLLAGES		
ART CONTENTS	LINGUISTIC CONTENTS	KEY STRUCTURES
Observation of original artwork. Positive and negative shapes. Figures in motion. Collage.	Collage. Outline. Positive and negative shapes. Body, motion. Joints: shoulder, elbow, wrist, hip, knee, ankle.	Present continuous. <i>I think he's jumping, flying, falling, etc.</i> Can to express ability.
UNIT 4: MOSAICS		
ART CONTENTS	LINGUISTIC CONTENTS	KEY STRUCTURES
Observation of original artwork. Colour/geometric patterns. Mosaic.	Mosaic: small pieces, puzzle. Pattern: repeated lines, shapes and colours. Geometric shapes. Wall, floor, flower, garden.	Adjective order: seven small black stars. Comparatives: bigger, smaller.
UNIT 5: NEAR AND FAR		
ART CONTENTS	LINGUISTIC CONTENTS	KEY STRUCTURES
Observation of original artwork. Space and distance. Relative size. Three-dimensional habitat.	Background, middle ground, foreground. Near, far, small, big. Habitats: tropical rainforest, desert, water habitat. Cactus, lizard.	Prepositions of place: in, on, under, next to, between, in front of, behind. Comparatives: nearer, further, smaller, bigger. Superlatives: nearest, furthest, smallest, biggest.



UNIT 6: KITES		
ART CONTENTS	LINGUISTIC CONTENTS	KEY STRUCTURES
Observation of original artwork. Drawing forms. Constructing forms. Kites.	Kites, carp kites. Forms: sphere, cube, pyramid, cone, cylinder, rectangular prism, triangular prism. Three-dimensional: length, width and depth.	Like verb + ing. <i>I like flying kites.</i> Demonstratives: this, that, these, those.
UNIT 7: LAND ART		
ART CONTENTS	LINGUISTIC CONTENTS	KEY STRUCTURES
Observation of original artwork. Collage. Printmaking. Natural forms.	Land art. Natural materials: sand, soil, rocks and plant parts. Organic lines, shapes and forms. Nature, stamp, print.	Describing a sequence: first, then, next, finally. Past tense regular and irregular: looked, painted, shared, went, found, made and took.
UNIT 8: INVENTIONS		
ART CONTENTS	LINGUISTIC CONTENTS	KEY STRUCTURES
Observation of original artwork. Balance/symmetry. Invention. Paper plane.	Flying machine. Musician, scientist, inventor. Plane, helicopter. Observation, imagination.	Question words: who, what, when, where, why.
UNIT 9: ILLUSTRATION		
ART CONTENTS	LINGUISTIC CONTENTS	KEY STRUCTURES
Observation of original artwork. Movement. Character description. Comic strips.	Illustration, illustrator. Lines, movement. Forwards, backwards, side to side, up, down, around. Character, personality, story. Comic strip, cartoon, setting, action.	Present continuous: <i>She's scoring a goal, jumping, skateboarding, etc.</i> What does he/she look like? <i>She has got dark hair.</i> <i>She's wearing a yellow T-shirt.</i>

-ARTS AND CRAFTS- 4º CURSO DE EP.

UNIT 1: STILL LIFE		
ART CONTENTS	LINGUISTIC CONTENTS	KEY STRUCTURES
Observation of original artwork. Patterns (lines, shapes, colours) in the art and the environment.	Still life, arrange. Patterns: polka dots, stripes, checks. Man-made objects: ceramics, vase, jug, plate, bowl, knife, table... Natural objects: food, fruit, vegetables, grapes, pepper, mango.	Third person pronouns. Affirmative and negative short answers. Prepositions of place: in, on, under, behind, next to, in front of, between.
UNIT 2: PORTRAIT		
ART CONTENTS	LINGUISTIC CONTENTS	KEY STRUCTURES
Observation of original artwork. Proportion and different facial expressions in art and the human body.	Portraits. Proportion: shape, size, position. Emotions: happy, sad, angry, surprised. Parts of the face: forehead, eyes, eyebrows, eyelashes, ears, cheeks, chin, nose, mouth.	Describing emotions: I'm happy/ She's sad... Feels/ looks + emotion. When clauses: I feel happy when I'm with my friends.
UNIT 3: DREAM TIME ART		
ART CONTENTS	LINGUISTIC CONTENTS	KEY STRUCTURES
Observation of original artwork. Complementary colours in art and the physical world.	Dreamtime art, dots. Complementary colours: red/green, yellow/purple, blue/orange. Symbols: spear, animal track, kangaroo track, the sun, campsite.	Past simple: regular and irregular verbs.
UNIT 4: SKYSCAPE		
ART CONTENTS	LINGUISTIC CONTENTS	KEY STRUCTURES
Observation of original artwork. Different types of lines in art and the environment. Lines to create motion.	Skyscape, movement. Lines: swirls, spirals, wavy, curved, continuous. Sky: night-time, daytime, clouds, stars, moon, planets, the Sun.	Present continuous. Opposites: day/night, slowly/quickly, warm/cool, near/far, tall/short, happy/sad.
UNIT 5: REFLECTION		
ART CONTENTS	LINGUISTIC CONTENTS	KEY STRUCTURES
Observation of original artwork. Symmetry in art and the environment. Reflection. Blending colours.	Reflection, light, building, fountain, lighthouse. Symmetry, horizontal axis, vertical axis. Details, blend, rub, print.	Wh-words: who, what, which, when, where, why, how.



UNIT 6: RECYCLED ART		
ART CONTENTS	LINGUISTIC CONTENTS	KEY STRUCTURES
Observation of original artwork. Forms in art and the environment.	Sculptures, machines, musical instruments. Geometric forms: sphere, cube, pyramid, cone, cylinder, rectangular prism, triangular prism. Volume, three-dimensional, height, width, depth.	Be good at. Modals: can, should, must.
UNIT 7: LANDSCAPE		
ART CONTENTS	LINGUISTIC CONTENTS	KEY STRUCTURES
Observation of original artwork. Space in art and the environment. The use of lines to show depth.	Landscape, depth, perspective lines, diagonal lines, one-point perspective, vanishing point; Overlap, size, smaller; Path, roads, railway tracks.	There is a / There are some, There isn't any / There aren't any. Comparative adjectives.
UNIT 8: SEASCAPE		
ART CONTENTS	LINGUISTIC CONTENTS	KEY STRUCTURES
Observation of original artwork. Space in art and the environment.	Seascape, depth, apparent horizon, shore; Overlap, size. Bigger/biggest, smaller/smallest, further/furthest, near/nearest.	There is a / There are some, There isn't any / There aren't any. Comparative and superlative adjectives.
UNIT 9: SCULPTURE		
ART CONTENTS	LINGUISTIC CONTENTS	KEY STRUCTURES
Observation of original artwork. Space (positive and negative) in art and the environment.	Subjects, portrait, still life, landscape; Board games, chess; Symbols, question cards, game pieces, instructions, rules.	Wh- words: who, what, where, when, how, why. The imperative to give instructions.

-ARTS AND CRAFTS- 5º CURSO DE EP.

UNIT 1: FRIENDLY FIGURES		
ART CONTENTS	LINGUISTIC CONTENTS	KEY STRUCTURES
Observation of original artwork. The principle of design: proportion in figure drawing.	Figure, proportion, size. Parts of the body: head, torso, limbs, joint. Children, countryside, game, short, shoulders, tall.	Present continuous and adjectives to describe appearance.
UNIT 2: EXPLORING SIZE		
ART CONTENTS	LINGUISTIC CONTENTS	KEY STRUCTURES
Observation of original artwork. The elements of art: scale and proportion. A scale model.	Scale, model, size, measure, grid. Bottle, cork, flag, ship, string. Map, key, treasure, chest, compass (North, West, South, East). Landscape features: cave, lake, rocks, sand, trees, volcano.	Antonyms: large/small, heavy/light, near/far, long/short, empty/full. Sequence words: first, then, next, finally.
UNIT 3: LOTS OF LINES		
ART CONTENTS	LINGUISTIC CONTENTS	KEY STRUCTURES
Observation of original artwork. The element of art: contour lines. A three dimensional handprint.	Contour lines, outline, edges, surface. Three-dimensional, height, length, width. Volume, space. Button, cuff, pen, sleeve, wrist.	Future tense with going to and will.
UNIT 4: COLOURS ON PARADE		
ART CONTENTS	LINGUISTIC CONTENTS	KEY STRUCTURES
Observation of original artwork. The element of art: colour value – tints and shades. A monochrome abstract painting.	Dark, light, tints, shades, monochrome. Patterns, shapes, lines. Sculpture, cow parade, horns.	Comparatives and superlatives.
UNIT 5: SHOWING SHADOWS		
ART CONTENTS	LINGUISTIC CONTENTS	KEY STRUCTURES
Observation of original artwork. The elements of space: light and shadows. Shadow maker	Shadows, light source. Position. Smaller, longer. Background, butterfly, cave, cliff, flower, foreground and rock.	Prepositions of place: beside, below, above, behind, in front of, across, through, from.



UNIT 6: LIGHT AND DARK		
ART CONTENTS	LINGUISTIC CONTENTS	KEY STRUCTURES
Observation of original artwork. The elements of space: shade and shadows. Still life.	Still life. Volume. Tint, shade, shadow. Light source, reflection and absence of light.	Infinitive to express purpose.
UNIT 7: CLOSE UP AND FAR AWAY		
ART CONTENTS	LINGUISTIC CONTENTS	KEY STRUCTURES
Observation of original artwork. The elements of space: placement on a picture plane. Silhouette landscape.	Landscape, printmaking. Position, depth, bottom, top, close, far away, lower, higher. Blossom, grass, hut, lake, people, swing, tree.	There is/There are... Quantifiers.
UNIT 8: GOING, GOING, GONE		
ART CONTENTS	LINGUISTIC CONTENTS	KEY STRUCTURES
Observation of original artwork. The elements of art: depth in space with linear perspective.	Perspective, vanishing point. Depth, volume, illusion. Diagonal, horizontal, vertical. Balcony, building, detail, street, window, realistic.	Present perfect to talk about past experiences.
UNIT 9: POINTS OF VIEW		
ART CONTENTS	LINGUISTIC CONTENTS	KEY STRUCTURES
Observation of original artwork. The elements of art: space from different points of view.	Photographer, photographs, view finder. Points of view, angle, above, below, side, bird's eye view, worm's eye view. Chair, diving board, palm tree, umbrella, beach, ball, sandcastle.	Modal verbs (can, should, must).

-ARTS AND CRAFTS- 6º CURSO DE EP.

UNIT 1: A SPECIAL PERSON		
ART CONTENTS	LINGUISTIC CONTENTS	KEY STRUCTURES
Proportion in portraits (shape, size and position) Portraits. Analysis of the use of proportion and head position in the painting <i>Mona Lisa</i> by Leonardo da Vinci.	Proportion, shape, size, position; Head position, front, profile, semi-profile; Renaissance; Features: eyes, eyebrows, eyelashes, nose, nostril, lips, chin, ear and forehead.	Adjectives to describe physical appearance and personality (long, short, blonde, blue, tall, shy, cheerful, etc.)
UNIT 2: A SPECIAL EVENT		
ART CONTENTS	LINGUISTIC CONTENTS	KEY STRUCTURES
Observation of movement in a painting. Analysis of how movement is represented in the painting <i>The Cyclist</i> by Natalia Goncharova.	Movement, repetition; Lines, shapes, colours; Futurism; Bones, joints, muscles.	Present continuous. Past continuous. Adverbs to describe actions.
UNIT 3: SPACIAL OBJECTS		
ART CONTENTS	LINGUISTIC CONTENTS	KEY STRUCTURES
Scale and space. Analysis of the use of one-point perspective to show space in the painting <i>Personal Values</i> by René Magritte.	Interior space, one-point perspective, scale; Realistic, imaginary; Surrealism; Bedroom, furniture, comb, glass, brush, soap, matchstick	Prepositions of place: in, on, under, between, next to, in front of, behind, below, above. Adjectives to describe objects related to number, size, shape, colour and material.
REVIEW 1: BARROQUE ART		
CONTENTS		LEARNING STANDARDS
Observation and analysis of the elements of art and principles of design in the painting <i>Las Meninas</i> by Diego Velázquez. Group work: a modern day portrait inspired by <i>Las Meninas</i> .		Carry out a group project respecting the ideas of others and collaborating with the tasks they've been assigned.



UNIT 4: EXPRESSING FEELINGS		
ART CONTENTS	LINGUISTIC CONTENTS	KEY STRUCTURES
Expressive lines and colours. Analysis of the use of lines, shapes and colours in the painting <i>Orange</i> by Wassily Kandinsky.	Abstract, represent, express. Expressive lines, colours. Musician, composition.	Adjectives to express feelings: passionate, excited, energetic, friendly, happy, cheerful, calm, tranquil, strong, peaceful, powerful, spiritual. Before/after clauses: <i>I (feel nervous) before (an exam).</i> Make me + feeling word: <i>(This music makes me happy).</i>
UNIT 5: SHARING IDEAS		
ART CONTENTS	LINGUISTIC CONTENTS	KEY STRUCTURES
Contour lines. Analysis of the use of contour lines in the prints <i>Two coloured Campbell's Soup Cans</i> by Andy Warhol	Popular, advertisements, television, comic books, magazines, newspapers, billboards, film. Contour lines, outline, volume, print; Pop art.	Relative pronouns: which, that, who. Modals: should and must.
UNIT 6: SHOWING PERSPECTIVE		
ART CONTENTS	LINGUISTIC CONTENTS	KEY STRUCTURES
Depth in space in art and the environment. Analysis of the perspective in the painting <i>Man in the Green City</i> by Leopold Survage.	Cityscape, perspective, points of view. Two-point perspective, depth, volume; Cubism; Buildings, pavement, street.	There is (a)/ There are (some, many); <i>There are some plants.</i> ; There isn't (a)/ There aren't (any) <i>There aren't any cars; There was/ There were.</i>
REVIEW 2: MODERN ART		
CONTENTS		LEARNING STANDARDS
Observation and analysis of the elements of art and principles of design. Group work: a park inspired by Gaudi's structures.		Observe the lines and forms in a façade of a building. Understand that buildings can be made of different materials. Carry out a group project respecting the ideas of others and collaborating in the tasks they've been assigned.



UNIT 7: A FARAWAY PLACE		
ART CONTENTS	LINGUISTIC CONTENTS	KEY STRUCTURES
Perspective and depth in art and the environment. Analysis of the use of tints and shades to show distance and depth in the painting <i>The Wanderer above the Sea of Fog</i> by Caspar D.Friedrich.	Landscape, mountains, depth, distance; Texture, tints, shades; Romanticism; Beauty, power, mystery, drama	Comparative adjectives and adverbs: <i>The mountain in the background is further away.</i> ; Superlative adjective and adverbs: <i>The mountain in the foreground is the darkest.</i>
UNIT 8: A FAVOURITE PLACE		
ART CONTENTS	LINGUISTIC CONTENTS	KEY STRUCTURES
Analogous colours Analysis of the use of colour to create a mood and show the changes of light in the painting <i>Waterlily Pond</i> by Claude Monet.	Analogous colours, tints; Bridge, water lily, pond; Impressionism; Mood, feeling, harmony, tranquillity	Preposition: across, into, over, past, through; Preposition of time: during, for
UNIT 9: AN EVERY DAY PLACE		
ART CONTENTS	LINGUISTIC CONTENTS	KEY STRUCTURES
Volume in art. Pointillism: dots to show volume. Analysis of the use of dots in the painting <i>Sunday Afternoon on the Island of La Grande Jatte</i> by Georges Seurat.	Highlight, lowlight, shade, shadow; Form, volume; Pointillism; Dots	Present perfect: <i>The girl has picked some flowers.</i> <i>The man has just eaten his lunch.</i>
REVIEW 3: ART TODAY		
CONTENTS		LEARNING STANDARDS
Observation and analysis of the elements of art and principles of design in the digital artwork <i>The Music Nature</i> by Jericó Santander. Group work: a digital class book. Digital image.		Observe and recognize how technology has changed the way of doing art. Choose digital images according to the ideas they want to transmit. Use a digital camera to take photos. Operate simple software for the processing and retouching of the digital photo.

7. ESTRATEXIAS METODOLÓXICAS

En AICLE, como en calquera outro modelo de aprendizaxe bilingüe, deben programarse simultaneamente os dous tipos de contidos: lingüísticos e non lingüísticos. A aprendizaxe e os roles do profesorado son duais.

A énfase de desenvolver unha Proposta Curricular con elementos AICLE implica intensificar a experiencia do alumnado na “resolución de problemas” e “saber facer cousas”, dando unha relevancia destacada ao uso da linguaxe ao mesmo tempo que se adquiren os contidos da materia dun xeito máis activo, estimulando así a aprendizaxe.

A nosa proposta metodolóxica segue as directrices do ensino baseado en tarefas, “TASK BASED LEARNING”, recomendada no “Marco Común Europeo de Referencia para as linguas”.

O ensino por tarefas serve para xerar e organizar as actividades de aula en tres etapas básicas:

1. A **pre-tarefa** serve para situar a escena e analizar as dificultades que poidan aparecer: asegurar que os alumnos e alumnas teñen os conceptos fundamentais claros; explicar o motivo da tarefa e o que se pretende descubrir; dar e verificar a comprensión das instrucións; responder a calquera dúbida do alumnado e motivalos para completar a tarefa. Así mesmo, a miúdo se utiliza esta etapa para realizar un “**warming up**” é dicir, un repaso do visto o día anterior ou a modo de introdución dos novos contidos.
2. A **tarefa en si mesma**: completar un debuxo, colorear con lapis de cores, completar imaxes coa axuda da cuadrícula, elaborar un mural, interpretar un póster, buscar fotografías, facer un mosaico...
3. A **post-tarefa** permite que os alumnos presenten os seus resultados pero tamén que reflexionen sobre o proceso:
 - Que saíu mellor?
 - Que parte resultou máis complexa?
 - E máis doada?
 - Por que?
 - Que parte lles gustou máis?
 - Cal consideran máis interesante?

Nesta fase tamén se poden introducir actividades metalingüísticas:

- Pensar sobre os erros cometidos.



- Analizar as formas axeitadas para usar a L2.
- Repasar algunha estrutura lingüística concreta que lles resultara complexa a varios alumnos.

Pautas de actuación que contribuirán ao desenvolvemento da metodoloxía AICLE:

1. Ensinanza centrada no alumno/a: o que supón unha implicación plena do alumnado en cada tarefa (aprender a aprender). Potenciaremos a cooperación entre todas as partes (alumnos/as e profesor/a). Isto conseguiremos mediante as seguintes actividades:

- Partindo do particular cara ao xeral.
- Utilizando exemplos e situacións reais.
- Realizando traballos por roles.

2. Ensinanza flexible e facilitadora: atendendo aos distintos estilos de aprendizaxe. O mestre convértese en provedor de recursos e facilitador da aprendizaxe. Ás veces o noso papel limitarase a presentar a actividade para que sexa o alumno o que interactúe, deste xeito o protagonista é o alumno. Debemos facilitar a comprensión do contido e do contexto:

- Utilizando textos adecuados á idade e nivel de comprensión do alumnado.
- Utilizando a alternancia do código L1 (Lingua materna) e L2 (Lingua estranxeira).
- Usando diversas estratexias tanto lingüísticas como paralingüísticas: repetir, parafrasear, simplificar, exemplificar, facer analoxías, xesticular, usar imaxes...

3. Aprendizaxe máis interactivo e autónomo: que será levado a cabo mediante:

- O traballo por parellas e grupos.
- Actividades que impliquen a negociación do significado.
- Desenvolvemento de traballo por descubrimento e investigación.
- Adestramento en estratexias de comprensión e seguimento da clase: mostrar falta de comprensión, pedir aclaracións, distinguir o esencial, deducir...

4. Uso de múltiples recursos e materiais, especialmente as TIC: aportando así un contexto máis rico e variado e promovendo a interactividade e autonomía do alumnado.

8. ATENCIÓN Á DIVERSIDADE.

Cada alumno é diferente. Cada un ten un estilo de aprendizaxe distinto. A proposta metodolóxica do ensino por tarefas, o concepto de “competencia plurilingüe” e a metodoloxía AICLE entenden a atención á diversidade como a situación común nas aulas.

A finalidade do ensino / aprendizaxe dunha lingua consiste en adquirir a capacidade para usar a lingua para resolver obxectivos comunicativos. Esta capacidade adquirese mediante **tarefas** nas que as situacións de aprendizaxe son as mesmas ou semellantes ás da vida real. Nestas tarefas os alumnos e alumnas teñen que ser axentes activos e con capacidade de decisión sobre a súa propia aprendizaxe polo que non poden ser tarefas simplemente reprodutivas, senón que deben favorecer a creación de literatura e arte, a creación de coñecemento novo e a acción social.

A **competencia plurilingüe** non se reduce a aspectos lingüísticos senón que se entende como < o conxunto de saber, saber facer e saber ser, e de actitudes que permiten en graos diversos recoñecer, comprender, interpretar ou aceptar outros modos de vida e pensamento distintos aos da propia cultura de orixe>. (Beacco e Byram, 2007, p. 126). Cada alumno e alumna terá un ritmo e un estilo de aprendizaxe distinto á hora de adquirir esta competencia.

A metodoloxía **AICLE** céntrase no alumno, é flexible, pretende unha aprendizaxe máis interactiva e autónoma.

Por último, entre os obxectivos propostos neste programa para o alumnado está o de converter ao alumnado nun elemento activo no proceso de aprendizaxe e motivalo para converterse en aprendices autónomos e durante toda a vida. Estes dous obxectivos están en consonancia coas competencias básicas do currículo e intimamente relacionados coa diversidade presente nas aulas.



Ademais das medidas ordinarias e extraordinarias de atención á diversidade definidas no noso PLC, distinguiremos dous tipos de medidas: xenéricas e específicas. As medidas xenéricas atópanse activas de maneira permanente e configuran unha forma de traballo normalizada no centro; as medidas específicas actívanse segundo a necesidade que teña un estudante nun momento determinado ou por unha causa específica.

Entre as **medidas xenéricas** podemos citar:

- Elección das estratexias de ensino de linguas máis eficaces.
- Xestión de recursos na aula e no centro.
- Uso das TIC.

En canto ás **medidas específicas**:

- Avaliación da dificultade/necesidade.
- Intervención en relación con alteracións da linguaxe oral e escrita.
- Ensino do español como nova lingua (no caso de alumnado estranxeiro).

Tanto as medidas xenéricas como específicas débense desenvolver, sempre que sexa posible, no grupo ordinario, con apoios cando se dispoña deles.

Unha iniciativa europea a ter en conta no estudo das linguas e dentro da atención á diversidade é o "**Portfolio Europeo das linguas**". É un documento persoal promovido polo Consello de Europa, no que as persoas que aprenden ou aprenderon unha lingua - xa sexa na escola ou fóra dela - poden rexistrar as súas experiencias de aprendizaxe de linguas e culturas e reflexionar sobre elas. O alumno, a través da súa autoavaliación no Portfolio Europeo das Linguas, empeza dicindo "Son capaz de...", sendo o protagonista da súa propia aprendizaxe.

O portfolio europeo, entre outras características, anima a todos a aprender máis linguas, **cada un dentro das súas capacidades**, e a continuar aprendéndolas ao longo de toda a vida.

Medidas xenéricas

➤ Elección de estratexias de ensino de linguas máis eficaces.

Como xa se explicou no apartado “Estratexias metodolóxicas”, a maneira de ensinar as linguas nun centro plurilingüe cambia completamente. Os “profesores dunha lingua” convértense en “**profesores europeos de linguas**” que axudan ao alumnado a ser plurilingüe ao longo da vida. Isto implica un cambio metodolóxico e un cambio na maneira de traballar con outros profesores do centro.

As tarefas propostas ao alumnado deben partir dunha avaliación inicial de intereses, motivacións, necesidades, **ritmos de aprendizaxe** e tamén deben ter en conta as relacións sociais entre iguais. Estas tarefas deben fomentar a interacción e a cooperación entre o alumnado, formando grupos de traballo heteroxéneos, con normas e roles específicos.

Está demostrado que se aprende facendo e que ao alumnado motívalle moitísimo ver as súas achegas e creacións. Por iso, é fundamental fomentar o traballo do alumnado por proxectos e tarefas incluíndo a participación do alumnado con necesidades educativas especiais na dinámica normal da aula, na medida do posible.

➤ Xestión de recursos na aula

A aprendizaxe non consiste nunha transmisión de coñecementos. Baséase na interacción entre alumnado e profesorado e na interacción entre o propio alumnado. A xestión de recursos na aula consiste na resolución de tarefas de ensino-aprendizaxe en grupos heteroxéneos e con recursos complementarios ao docente.

O traballo en equipos cooperativos é fundamental. Estes grupos cooperativos comparten un mesmo obxectivo que se espera que alcancen mediante a interacción entre os membros do grupo, que se senten vinculados entre si por lazos de



interdependencia positiva e son responsables do seu traballo individual e dos seus resultados persoais.

É fundamental que estes grupos conteñan tanta diversidade como exista no grupo-clase. A heteroxeneidade é unha fonte de riqueza e un motor de aprendizaxe. Cando o estudante con maior competencia comunicativa axuda a outro compañeiro ou compañeira, ambos aprenden, aínda que de formas diferentes. O primeiro aprende porque recrea un discurso a partir dos seus coñecementos; o segundo aprende porque o seu compañeiro ou compañeira ofrécelle as estratexias apropiadas para percorrer a súa zona de desenvolvemento próximo en moitas ocasións de maneira máis precisa que o propio docente.

➤ **Correcto uso das TIC**

A incorporación a unha sociedade con destrezas tecnolóxicas e de manexo da información supón unha nova marca de alfabetización engadida á capacidade de ler e escribir textos. O uso das TIC na aula pode contribuír de maneira efectiva a unha educación para a vida na sociedade da información.

As TIC permiten unha aprendizaxe das linguas constructivista e conectivista, centrado no estudante pero baseado na creación de redes de coñecemento utilizando destrezas comunicativas e coa posibilidade de dispor de múltiples actividades para distintos niveis de competencia na aula.

Internet pode ser unha fonte inmejorable de textos auténticos para o estudante das linguas e as materias curriculares. Con estes textos, o docente pode realizar un labor de enriquecemento do contido lingüístico: a utilización de elementos gráficos e sonoros que dean apoio ao texto escrito, permite ao estudante contextualizar a palabra para a súa comprensión e participar, así, do significado do texto.

Medidas específicas

No caso de que as medidas xenéricas non sexan suficientes valorarase a aplicación da medida específica máis adecuada en función da avaliación realizada polo profesorado en colaboración co departamento de orientación e a familia.

- Avaliación da dificultade/necesidade.
- Intervención en relación con alteracións da linguaxe oral e escrita.
- Ensino do español como nova lingua (no caso de alumnado estranxeiro).

A atención ao alumnado con necesidades educativas especiais suporá a elaboración de programas específicos coa selección dos procesos e das actividades pertinentes. Dentro dunha mesma secuencia de contidos, as tarefas a desenvolver polo alumnado terán varios graos de dificultade e deberán ser diversas para que fomenten a motivación do alumnado. Ditas actividades estimularán a autoestima do alumnado xa que ao poder ir progresando ao seu ritmo, sentirá que o esforzo realizado merece a pena. Inclúiranse tamén tarefas que, aos poucos e en función da idade do alumnado, vaian fomentando unha aprendizaxe cada vez máis autónoma.

A linguaxe presentarase en variedade de contextos amenos e estruturados, o que permitirá ao alumnado con necesidades interiorizar, adquirir e utilizar a linguaxe, e participar nas actividades de clase con naturalidade e ao seu propio ritmo.

As reunións de coordinación entre os distintos profesores que dan clase a estes alumnos son moi importantes para poder establecer pautas comúns de actuación.

9. AVALIACIÓN DO PROXECTO.

Con carácter xeral, e independentemente das funcións propias da Inspección Educativa e os procedementos que determine a Consellería de Educación e Ordenación Universitaria, o centro establecerá na Programación Xeral Anual un sistema de avaliación, que permitirá realizar o seguimento da aplicación do programa. Debemos entender a avaliación como unha ferramenta eficaz tanto para a xestión como para a mellora da calidade do ensino.

As liñas de actuación que imos desenvolver son \Rightarrow

- A. Avaliación do alumnado.
- B. Avaliación da aplicación do programa.
- C. Avaliación da consecución dos obxectivos.

A partir da análise destes resultados serán identificadas e diagnosticadas as áreas de mellora co fin de modificar ou deseñar futuras accións.

OBXECTIVOS PARA O ALUMNADO	Logrado	Non logrado	En proceso
1. Mellorar a súa competencia lingüística.			
2. Proporcionarlles unha "competencia plurilingüe", de modo que cada persoa conte con diversos repertorios lingüísticos, que lle permita actuar en distintos contornos culturais con diferentes graos de dominio.			
3. Dotar ao alumnado dunha "competencia intercultural", co fin de que cada persoa sexa quen de interactuar culturalmente, aceptando as diferenzas e establecendo relacións construtivas cos demais.			
4. Converter ao alumnado nun elemento activo no proceso de aprendizaxe.			
5. Motivalos para converterse en aprendices de linguas estratéxicos e autónomos e para aprender durante toda a vida.			



OBXECTIVOS PARA O PROFESORADO	Logrado	Non logrado	En proceso
1. Coñecer as características do programa e implicarse no mesmo.			
2. Crear as condicións que permitan o cambio metodolóxico necesario para o bo desenvolvemento do programa.			
3. Organizar actividades que permitan a utilización da lingua inglesa por parte do alumnado.			
4. Promover a participación dos alumnos e alumnas en todas as actividades de aula.			
5. Elaborar materiais didácticos para as clases de lingua estranxeira e as clases CLIL.			
6. Aplicar diferentes estratexias didácticas na aula utilizando distintos dispositivos de hardware e formatos multimedia (vídeo, animación, simulación, actividade interactiva...) para facilitar as aprendizaxes.			
7. Participar nas actividades de formación ofertadas pola Consellería de Educación e Ordenación Universitaria ou outros organismos.			

OBXECTIVOS PARA O EQUIPO DIRECTIVO	Logrado	Non logrado	En proceso
1. Propiciar o cambio metodolóxico baseado na comunicación e o enfoque por tarefas.			
2. Propiciar o cambio organizativo baseado na coordinación entre o profesorado.			
3. Proporcionar os recursos necesarios para o bo desenvolvemento do programa.			
4. Identificar e diagnosticar áreas de mellora.			